

HESÍODO

Sería contemporáneo de Homero, século VIII, e beocio de nacemento.

Clasifícase a súa obra como épica porque utiliza hexámetros dactílicos, o mesmo verso de Homero, e a mesma linguaxe; tamén invoca as musas. Porén, as súas obras teñen unha finalidade didáctica e xa non están tan marcadas pola tradición oral.

Hesíodo é o primeiro literato que asina a súa obra, facendo que figure o seu nome nos primeiros versos.

Dúas son as obras que consideramos de autoría segura:

Teogonía. Nela nárrase a orixe do cosmos e a liñaxe dos deuses da mitoloxía grega, tratando de conxugar versións, ata entón coñecida por tradición oral; fai convivir os deuses antropomórficos con meras abstraccións. Vense influencias orientais que fan que o panteón homérico e hesiódico discrepen. Escrita en primeira persoa, reflicte o afán de Hesíodo por «pensar» no mundo segundo categorías esenciais.

A diferenza dos textos homéricos, a Teogonía está “escrita” para ser lida como Verdade, como unha revelación feita ao autor polas Musas do Monte Helicón; historia que forma a primeira parte do texto. Os relatos da Teogonía parecen compostos en resposta á excesiva humanización dos deuses da tradición homérica.

Traballos e días: É un poema didáctico-moral, no que dá consellos a seu irmán Perses, con quen está enemistado por causa da herencia.

O poema xira en torno a dúas verdades xerais: o traballo é o destino universal do home, pero só quen estea disposto a traballar poderá con el. Os estudosos interpretaron esta obra no contexto dunha crise agraria no continente grego, que inspirou unha vaga de colonizacións en busca de novas terras.

Esta obra mostra as cinco Idades do Home, ademais de conter consello e sabedoría, prescribindo unha vida de honesto traballo e atacando a ociosidade e os xuíces inxustos (como os que decidiron a favor de Perses), así como a práctica da usura. Describe aos inmortais que vagan pola terra vixiando a xustiza e a inxustiza.[O poema considera o traballo como orixe de todo o ben, pois tanto homes como deuses odian aos folgazáns, que parecen abáboros nunha colmea.